PROXECTO DO CURSO 2008/08:

"DESCUBRO UN PAIS, COÑEZO OUTRA CULTURA"

Traballar nos proxectos permítenos saír da rutina dos libros de texto. Esta forma de traballar invita a investigar e elaborar información a través da documentación .Pretende usar a biblioteca escolar como fonte de recursos para a obtención de información e para a aprendizaxe.
Trátase de que o alumnado investigue a realidade dun país buscando información sobre ,os seus costumes, a súa cociña, a súa música,a súa arte (pintura, arquitectura,cine,teatro,..), os personaxes famosos (artistas, deportistas, políticos,...), sempre adaptándonos ao nivel do ciclo.
E interesante que os especialistas colaboren con este proxecto.
E moi motivador ir recollendo a información e traballos que fagamos en libros, e soportes dixitais para ir elaborando o proxecto final de todo o colexio.

O inicio do proxecto será:
A mascota da biblioteca, Paco , viaxou moito este verán e estivo en.....e quere saber máis cousas dese pais.
Entón iremos respondendo a esas preguntas que nos enviará Paco, mentras imos facendo un dossier en cada clase coa información que vaiamos recollendo.
Colabora con nós a biblioteca municipal, aportando os fondos que precisemos para o proxecto.
Como sempre, a colaboración dos pais e nais é importantísima.

Paises:
Infantil: China
1º Ciclo de Primaria: Rusia
2º Ciclo de Primaria: Marrocos
3º Ciclo de Primaria: Estados Unidos
4º Ciclo de Primaria: Islandia
5º Ciclo de Primaria: México
6º Ciclo de Primaria: Exipto.

Para a elección dos paises, no 2º e 3º Ciclo participaron os alumnos e alumnas.